

*Resolución do 28 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a lista definitiva para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondente ao corpo de mestres, Orientación (597039).*

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (DOG n.º 131, do 11 de xullo de 2017), que, no seu apartado segundo, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

No Diario Oficial de Galicia número 113, do 14 de xuño de 2018, publicouse a Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional entre O persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite O reingreso no servizo activo (ED002B).

O artigo 13.f) da devandita orde establece que a ordenación da lista de Orientación realizarase pola data de acceso á primeira interinidade ou substitución dunha especialidade do corpo de mestres. No suposto de que dúas ou máis persoas interinas accederan á primeira interinidade ou substitución na mesma data, se pertencen á mesma lista, a ordenación realizarase pola orde que posúan na dita lista e, no caso de que formen parte de distintas listas, a ordenación realizarase pola orde alfabética dos apelidos

Por Orde do 24 de setembro de 2019 engádese unha disposición adicional á Orde do 7 de xuño de 2018 que dispón que, para os únicos efectos do establecido no artigo 13.f) da presente orde, considerarase a orientación unha especialidade do corpo de mestres (DOG nº 182, do 25 de setembro).

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de mestres, convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 13 de marzo), procede actualizar a lista de interinidades e substitucións correspondente á especialidade 597039 nos termos que establece a base vixésimo sexta da citada convocatoria.



Por medio dunha resolución do 08 de marzo de 2022 aprobouse e fíxose pública a lista provisional, de persoas admitidas e excluídas, para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondente ao corpo de mestres, *Orientación (597039)*.

Logo de analizadas as alegacións formuladas á lista provisional e á relación provisional de persoas excluídas, e con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, a base vixésimo sexta da citada Orde do 24 de febreiro de 2020, e o artigo 13.f) da Orde do 7 de xuño de 2018,

#### RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a lista definitiva para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondente ao corpo de mestres, *Orientación (597039)*, con dereito a incorporación á correspondente lista.

Segundo. Aprobar a relación definitiva de persoas excluídas da lista indicada no apartado anterior, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. Ordenar a publicación da lista definitiva e da relación definitiva de persoas excluídas no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

Cuarto. Coa aprobación e publicación da lista definitiva de persoas admitidas e da relación definitiva de persoas excluídas enténdense resoltas as reclamacións e alegacións formuladas contra a lista provisional e contra relación provisional de persoas excluídas.

Quinto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

